



*RESOLUCIÓN da Subdirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19, convocada pola resolución do 18 de xuño de 2018 (Diario Oficial de Galicia n.º 121, do 26 de xuño).*

No *Diario Oficial de Galicia* n.º 121, do 26 de xuño de 2018, publicouse a Resolución do 18 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No seu apartado terceiro establece que *“Publicadas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar, abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten a obriga de participar.”*.

Con base no citado apartado, esta Subdirección Xeral de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2018/19, convocada pola resolución do 18 de xuño de 2018 (DOG n.º 121, do 26 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade e orde de prioridade.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas relacións definitivas no enderezo da internet [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luís Canosa Baldomir

